Recuerda mantener tus cuentas protegidas.

Revisa que tus cuentas no estén comprometidas.

Prueba a enseñar a tu familia a comprobar si sus cuentas de correo están seguras.

1. Accede a https://haveibeenpwned.com/.
2. Introduce la dirección de correo electrónico y realiza la búsqueda.
3. Si aparece en verde, tu cuenta nunca se ha visto comprometida, si aparece en amarillo o rojo revisa la información y cambia su contraseña.

O **7 de febreiro** conmemórase a vixésima edición do **Día da Internet Segura**. Este evento internacional organizado polas redes de Centros de Seguridade na Internet en Europa, co apoio da Comisión Europea, ten **o obxectivo de promover o uso seguro e positivo da tecnoloxía, especialmente entre nenos, nenas e as súas contornas máis próximas**.

MAIS INFORMACIÓN:
Escanea este QR

BIBLIOTECA DO CEIP DE LOURIDO

Bibliotecas escolares de Galicia

7 de febreiro.
Día da Internet Segura 2023

Día de Internet Segura 2023

Manter unha comunicación fluída pode resultar determinante para que os nenos e nenas comprendan que o uso da Internet non está exento de riscos e débese utilizar seguindo unhas normas.
Como adultos, deberiamos fomentar que nos alerten, pidan axuda ou consello cando teñan calquera dúbida ou atopen algunha cousa que lles resulte preocupante.



Instruír aos menores en boas prácticas básicas para o uso da Internet é fundamental para seu uso seguro. Como elementos destacados destas boas prácticas podemos resaltar:

Emprego de contrasinais robustos. O uso de contrasinais difíciles de adiviñar, e a importancia de non repetilas nin compartilas, resulta un aspecto clave para protexer os nosos dispositivos e contas en liña.

Coñecer os riscos presentes nas redes sociais, é o primeiro paso para garantir a súa protección. Inculcar sobre a importancia da información que compartimos e como e con quen debemos interactuar, permite facer fronte a ameazas como a suplantación de identidade, grooming, ciberacoso, fraudes, discursos de odio, contidos inapropiados, etc.

Precaución coas redes WiFi públicas. As redes gratuítas non teñen as mesmas garantías de seguridade que as privadas. Poden facilitar accesos non desexados aos datos ou ao dispositivo. Recordar aos menores que se non teñen acceso á Internet, é mellor esperar a chegar a casa.

Acceso á Internet con equipos e aplicacións sempre actualizados. Un dispositivo actualizado está mellor protexido contra as ciberameazas.

Os programas de control parental, poden ser útiles a medida que o menor aprende a desenvolverse na Internet, regulando aspectos que deberiamos ter en conta para propiciar o seu uso seguro e responsable, permitindo, entre outros aspectos.

Establecer límites no horario e tempo de uso.

Bloquear o acceso a contidos inapropiados.

Supervisar a actividade (navegación, procuras, aplicacións, redes sociais, etc.)

Protexer as configuracións do dispositivo e as aplicacións.

Por último, facer referencia a que na Internet existen numerosos recursos que nos axudan a favorecer un uso seguro e responsable da Internet por parte dos menores, por exemplo, na web IS4K (Internet Segura For Kids) ofrécense numerosas guías, materiais didácticos, ferramentas e outros materiais que nos poden resultar moi útiles.

incibe_
INSTITUTO NACIONAL DE CIBERSEGURIDAD